

DOCUMENTOS INCLUÍDOS


1. Acordo do Consello Social do 27 de febreiro de 2023, polo que se aproban as tarifas aplicables á prestacións das actividades instrumentais de proxección institucional e imaxe e servizos informáticos externos da USC.
2. Acordo do Consello Social do 30 de xullo de 2024, polo que se actualizan os prezos públicos da Casa de Europa (aloxamentos) e da Tenda da USC (produtos) e se aproban as tarifas pola cesión de espazos da Casa de Europa.

Marta Villamayor Álvarez, secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela,


CERTIFICA, con anterioridade á aprobación da acta correspondente, que o pleno do Consello Social desta Universidade en sesión extraordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2023, de conformidade co establecido no artigo 75.3.f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, tomou, entre outros, o acordo de aprobar as tarifas que figuran na documentación anexa á presente certificación.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 27 de febreiro de 2023, co visto e praxe da sra. Presidenta substituta.

Vº e Pr.,
A presidenta substituta



Nuria Pereira Martínez



ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 23 DE FEBREIRO DE 2023 POLO QUE SE ACORDA PROPOÑER AO CONSELLO SOCIAL, PARA A SÚA APROBACIÓN, AS TARIFAS APLICABLES PARA A PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE E DE SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O 7 de outubro de 2022 o Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, acordou a disolución da Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L. (Unixest).

Entre os servizos que dita mercantil vén prestando na súa condición de medio propio personificado da Universidade de Santiago de Compostela están as actividades instrumentais de proxección institucional e imaxe da USC (Xestión da Casa de Europa, Oficina de Congresos, Tenda da USC e Visitas Guiadas), así como as actividades instrumentais de servizos informáticos externos da USC.

O acordo de disolución da devandita mercantil, comporta a apertura do proceso para a súa liquidación e, en sede de dito proceso cómpre a adopción dunha serie de medidas entre as que está a encomenda ou encarga para a prestación das referidas actividades instrumentais da USC na Fundación USC, na súa condición de medio propio personificado da Universidade, ao abeiro do disposto no artigo 32 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (BOE núm. 272, de 09/11/2017).

No relativo ás encargas e á competencia para a súa adopción, o artigo 32 da Lei de Contratos do Sector público non contempla regras aplicables ao ámbito universitario.

O artigo 23 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE núm. 307, de 24/12/2001) atribúe como competencia propia da Xerencia a xestión dos servizos administrativos e económicos da universidade. Esta atribución é reproducida polos artigos 90 e 91.1.a) dos vixentes Estatutos da USC. Porén, debe terse presente que a vixente delegación de competencias establecida mediante Resolución reitoral do 21 de abril do 2022 non menciona expresamente as encargas, polo que hai que entender que a competencia de autorizar encargas é retida polo reitor, de conformidade co artigo 20.1 *in fine* da LOU que dispón que «*Le corresponden cuantas competencias no sean expresamente atribuidas a otros órganos*», e que contempla de idéntica forma o artigo 85.m) dos Estatutos da USC: «*Calquera outra función que lle atribúan a lexislación universitaria e os presentes estatutos e, en xeral, aquelas funcións que non estean expresamente atribuídas a outros órganos da Universidade*».

Sen prexuízo do encargo que deba formalizarse por resolución reitoral no seu momento cómpre, previamente, de conformidade co devandito artigo 32 da Lei de Contratos do Sector público e co artigo 3 dos Estatutos da Fundación USC, M.P., establecer as tarifas para a prestación do servizo.

Por proposta da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, á vista do Informe de tarifas aplicables para a prestación das actividades instrumentais de proxección institucional e imaxe e de servizos informáticos externos da USC pola Fundación USC, M.P., remitido polo xerente da mesma, e no uso das competencias previstas nos Estatutos da USC en materia económica e orzamentaria, o Consello de



Goberno, na súa sesión de 23 de febreiro de 2023, co obxecto de propoñer ao Consello Social a súa aprobación de conformidade coa disposición adicional segunda do Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de decembro de 2020, e ratificado polo Consello Social o 22 de xaneiro de 2021,

ACORDA

Primeiro. Tarifas.

Propoñer ao Consello Social, para a súa aprobación, as tarifas aplicables para a prestación das actividades instrumentais de proxección institucional e imaxe e de servizos informáticos externos da Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación USC, M.P. nos termos establecidos no Informe de tarifas aplicables para a prestación das actividades instrumentais de proxección institucional e imaxe e de servizos informáticos externos da Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación USC, M.P., que se anexa a este acordo.

Segundo. Vixencia e actualización.

As tarifas entrarán en vigor no momento da súa aprobación e serán obxecto de revisión con carácter anual, ou de maneira extraordinaria cando concorran circunstancias de variabilidade dos prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da Fundación USC que así o aconsellen, con arranxo ao mesmo procedemento seguido para a súa aprobación.



Anexo. Informe de tarifas aplicables para a prestación das actividades instrumentais de proxección institucional e imaxe e de servizos informáticos externos da Universidade de Santiago de Compostela pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P.

**INFORME DE TARIFAS DA FUNDACIÓN USC, M.P.,
PARA A PRESTACIÓN DAS SEGUINTE ACTIVIDADES/SERVIZOS
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:
– ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE
– ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DE SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS**

Servizos prestados pola Fundación USC, na súa condición de medio propio personificado da USC

16 de febreiro de 2023

INFORME DE TARIFAS DA FUNDACIÓN USC, M.P., PARA A PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE E DE SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. ANTECEDENTES. MARCO XURÍDICO.

A Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P. (no sucesivo, Fundación USC), é unha entidade de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido ao abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, que ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade de Santiago de Compostela (no sucesivo, USC) e, en particular, entre outros, «prestar os servizos de carácter complementario ou instrumental que sexan necesarios para que a Universidade realice as súas funcións básicas e que non supoñan o exercicio da función de autoridade», «colaborar coa USC no desenvolvemento e xestión daquelas actividades que contribúan a unha mellor asistencia á comunidade universitaria», «promover a realización de actividades que favorezan a integración da Universidade na súa contorna económica, social, cultural», así como «fomentar, promover e xestionar actividades relacionadas coa extensión universitaria por si mesma ou en colaboración con outras institucións», segundo prevé o artigo 6 do Título II, «obxecto da Fundación», dos seus Estatutos.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Fundación USC é un medio propio personificado da USC, o cal, en cumprimento de dita previsión legal, vén recoñecido polo artigo 3 dos Estatutos da Fundación, modificados por acordo do Padroado de 30 de decembro de 2019, elevado a público en virtude de escritura outorgada o 24 de xaneiro de 2020 ante o Notario de Santiago de Compostela, Don Marcelino Estévez Fernández, con número 108 do seu protocolo. Sen prexuízo de dito recoñecemento estatutario, a condición de medio propio é expresamente recoñecida polo Consello de Contas no seu Informe de Fiscalización das Universidades Públicas Galegas [1632020-03A], aprobado polo pleno do Consello con data do 22 de outubro de 2021.

O carácter da Fundación USC de medio propio personificado da USC comporta que a relación daquela con esta ten natureza instrumental e non contractual, carácter interno, dependente e subordinado. No marco de dita relación, e segundo o previsto na lexislación de contratos do sector público, é obriga da Fundación, dentro do ámbito do seu obxecto social e nos termos fixados nos seus estatutos, executar as encomendas ou encargos que a Universidade lle faga. Por outro lado, é obriga da USC compensar á Fundación pola execución de ditas encomendas ou encargos.

A compensación, segundo prevé a LCSP, establecerase por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da que dependa o medio propio personificado para as actividades obxecto do encargo realizadas polo medio propio directamente. Ditas tarifas se calcularán de maneira que representen os custos reais da realización das unidades producidas directamente polo medio propio (art. 32 LCSP).

2. ACTIVIDADES/SERVIZOS OBJETO DA PROPOSTA DE TARIFAS.

En canto ás actividades ou servizos respecto dos que se fai a presente proposta de tarifas, e cuxa execución levarase a efecto nos termos que se establezan na correspondente resolución reitoral de encargo, comprende as seguintes actividades ou servizos:

2.1. Actividade Instrumental de Proxección Institucional e Imaxe da USC. Comprende os seguintes servizos, unidades ou liñas de negocio:

- Xestión da Casa de Europa. Comprende a comercialización e a xestión da actividade loxística da Casa Europa, así como facilitar servizos e espazos para a actividade representativa da USC.
- Oficina de Congresos. Unidade de negocio que ten por obxecto a xestión de espazos da USC (interiores e exteriores) así como o asesoramento, xestión e organización da loxística derivada da celebración de reunións de traballo desenvoltas no seo da USC.
- Tenda da USC. Tenda de produtos promocionais da USC encargada da compra de mercancía e a súa posterior distribución e venda, tanto para a comunidade universitaria como para o público externo.
- Visitas guiadas. Actividade realizada a través do «Programa Universidade Viva», un programa de visitas guiadas que ten como obxectivo poñer en valor o patrimonio da USC.

2.2. Actividade instrumental de Servizos Informáticos Externos da USC. Actividade relativa á prestación dos servizos informáticos externos que sexan solicitados á USC.

Ambos os dous grupos de actividades están directamente reforzados por unha Unidade de Administración, encargada da coordinación dos servizos, e da xestión e administración necesaria para a súa adecuada execución/prestación.

3. TARIFAS DA FUNDACIÓN USC, M.P.

Segundo o disposto no artigo 32 LCSP, a obriga de execución do encargo pola Fundación USC, na súa condición de medio propio personificado da USC, comporta a obriga desta última de compensar a referida execución mediante as correspondentes tarifas que sexan aprobadas polo Consello Social da USC a proposta do Consello de Goberno, e para cuxos efectos faise a presente proposta.

As tarifas calcúlanse de maneira que representan os custos reais da prestación directamente pola Fundación das actividades ou servizos relacionados no apartado anterior e que sexan obxecto de encargo.

Como referencia para a determinación das tarifas foi empregada a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (hoxe Ministerio de Facenda e Función Pública) HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do coste efectivo dos servizos prestados por entidades locais (BOE núm. 270, de 07/11/2014), ditada co obxecto de dar cumprimento aos principios de eficiencia, racionalización e

sustentabilidade dos recursos públicos. Segundo dita Orde, o coste efectivo dos servizos vén determinado pola agregación de dous compoñentes:

- a) Custos directos. De acordo co disposto no artigo 4.2 da Orde, aplicable ás entidades dependentes con orzamento estimativo, os custos directos verán determinados polos gastos de explotación incluídos na conta de perdas e ganancias recollidos nas partidas de aprovisionamentos, de gastos de persoal, outros gastos de explotación, e amortizacións do inmovilizado, así como, de ser o caso, calquera outro gasto non financeiro non sinalado anteriormente que teña relación coa prestación do servizo.
- b) Custos indirectos: De conformidade co artigo 5 da Orde, os custos indirectos verán determinados polos relativos á administración xeral imputados proporcionalmente sobre cada un dos servizos.

De acordo co anterior, tómase en consideración para a elaboración das tarifas:

- A información dos estados contables da mercantil que viña prestando os servizos obxecto do encargo, a «Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L., en liquidación».
- Un período de referencia de 12 meses para a imputación de custos.
- As horas de traballo efectivo, en cómputo anual, do persoal asignado aos servizos, segundo o previsto nos convenios colectivos aplicables.
- As necesidades de investimentos (estimación en termos porcentuais sobre os custos directos dos servizos).

Conforme ao exposto ata o de agora, faise a desagregación seguinte:

3.1. Custos directos:

- a) Gastos de persoal. Custos laborais do persoal asignado dunha forma directa á prestación dos servizos. Comprenden as remuneracións dos traballadores/as (soldos e salarios) así como as cotizacións á Seguridade Social. Reflicítense ditos custos en termos brutos anuais a nivel de servizo, actualizados a xaneiro de 2023 e tendo en conta as previsións, no que resulta aplicable, do Real Decreto-Lei 18/2022, de 18 de outubro de 2022 (BOE núm. 251, de 19/10/2022) e na Lei aprobada para a aplicación do mesmo, Lei 4/2022, de 22 de decembro (DOG núm. 223, de 23/11/2022). Non se inclúen os custos derivados de indemnizacións por despido ou por fin de contrato.
- b) Aprovisionamentos. Inclúense aquí, entre outros, as compras de alimentación da Casa de Europa, os gastos de xestión de eventos na mesma, etc. Información contida na conta de perdas e ganancias correspondente ao exercicio 2022 da «Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L., en liquidación». Información desagregada a nivel de servizo.
- c) Outros gastos de explotación. Inclúense aquí os gastos de reparación e conservación, gastos de mantemento de hardware, software e dominios web,

servizos profesionais independentes e auxiliares de administración, publicidade, servizos bancarios, servizos de conserxería nocturno e de limpeza da Casa de Europa, etc. Todo isto segundo a información contida na conta de P&G de 2022 da «Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L., en liquidación». Información desagregada a nivel de servizo.

- d) Amortizacións. Amortizacións do inmovilizado correspondentes ao exercicio 2023 segundo a información contida nas táboas de inmovilizado facilitadas pola «Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L., en liquidación». Información desagregada a nivel de servizo.

Segundo o exposto:

SERVIZO ¹	GASTOS DE PERSOAL	APROVIS.	OUTROS GASTOS EXPL.	AMORTIZ.
Xestión da Casa de Europa	74.161,59 €	2.844,98 €	65.977,75 €	156,59 €
Oficina de Congresos	54.706,79 €	251.994,25 €	31.189,29 €	137,54 €
Tenda da USC	55.264,23 €	50.552,58 €	4.849,84 €	574,29 €
Visitas guiadas	30.790,56 €	0,00 €	276,96 €	0,00 €
Servizos Informáticos Externos	342.029,18 €	0,00 €	832,41 €	173,89 €
TOTAIS CUSTOS DIRECTOS/ANO	556.952,35 €	305.391,81 €	103.126,26 €	1.042,31 €

¹ Os custos directos da Unidade de Administración referida no apartado 2 – a razón de 40.822,70 euros de gastos de persoal, 98,66 euros de aprovisionamentos e 9.152,20 euros de outros gastos de explotación –, imputanse proporcionalmente, como custos directos, a cada un dos servizos obxecto do encargo. Procede dita imputación como custos directos en tanto que «teñen relación coa prestación dos servizos» segundo establece o art. 4.2 in fine da Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro.

3.2. Custos indirectos.

De conformidade co artigo 5 da Orde HAP/2075/2014 e ao abeiro do previsto no artigo 50.3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, de 31/12/2010; BOE núm. 35, de 10/02/2011), aplícase, en concepto de custos indirectos (custos xerais de estrutura, gastos xerais e corporativos), unha porcentaxe do dez (10) por cento sobre o total dos custos directos de cada un dos servizos obxecto do encargo, resultando os seguintes importes por custos indirectos:

SERVIZO	CUSTOS INDIRECTOS
Xestión da Casa de Europa	14.314,09 €
Oficina de Congresos	33.802,79 €
Tenda da USC	11.124,09 €
Visitas guiadas	3.106,75 €
Servizos Informáticos Externos	34.303,55 €
TOTAL CUSTOS INDIRECTOS/ANO	96.651,27 €

3.3. Investimentos.

Aplicase unha porcentaxe dun catro (4) por cento sobre os custos directos de cada un dos servizos, excluídos os gastos de persoal, en concepto de necesidades de investimento, do que resultan os seguintes importes:

SERVIZO	INVESTIMENTOS
Xestión da Casa de Europa	2.759,17 €
Oficina de Congresos	11.332,84 €
Tenda da USC	2.239,07 €
Visitas guiadas	11,08 €
Servizos Informáticos Externos	40,25 €
TOTAL INVESTIMENTOS	16.382,41 €

Sen prexuízo da aplicación da mesma porcentaxe sobre cada un dos servizos, o importe resultante para cada un deles non pode ser imputado, para o cálculo das tarifas, seguindo o mesmo criterio de asignación por servizo. A exclusión dos gastos de persoal para a determinación dos custos directos sobre os que aplicar a porcentaxe por investimentos supón que os investimentos resultantes sexan insuficientes respecto daquel dos servizos que presenta máis necesidades neste ámbito: os Servizos Informáticos Externos precisan de renovación de equipos informáticos, licencias, etc.

Polo tanto, e tendo en conta a natureza dos servizos incluídos en cada un dos grupos de actividade sinalados no apartado 2 do presente informe, o importe total de investimentos da táboa superior impútase de acordo coas seguintes porcentaxes e diferenciando por ditos grupos de actividade:

Grupo de Actividade	%	INVESTIMENTOS
Actividade Instrumental de Proxección Institucional e Imaxe	25%	4.095,60 €
Actividade Instrumental de Servizos Informáticos Externos	75%	12.286,81 €
TOTAL INVESTIMENTOS		16.382,41 €

3.4. Horas efectivas de traballo, en cómputo anual.

Para o cálculo das tarifas, téñense en conta as horas efectivas de traballo, en cómputo anual, segundo o previsto nos diferentes convenios colectivos aplicables en cada un dos servizos obxecto do encargo, en función do persoal asignado a cada un deles e ás súas xornadas de traballo (xornada completa, xornada reducida), nos termos seguintes:

- a) *Convenio colectivo da hostalería da provincia da Coruña* (BOP núm. 241, de 22/12/2022, co código de rexistro 15000745011981 no REGCON do Ministerio de Traballo), aplicable ao persoal dos servizos «Xestión da Casa de Europa» e «Oficina de Congresos». No primeiro caso ten asignados tres (3) traballadores/as a xornada completa. No segundo caso ten asignados dous (2) traballadores/as, un

dos cales cunha redución de xornada dun 25%. O artigo 14 do convenio colectivo antedito establece unha xornada de traballo de 1.792 horas anuais de traballo efectivo.

- b) *Convenio colectivo sectorial de comercio vario da provincia da Coruña* (BOP núm. 17, de 24/01/2019, código 15003955012002), aplicable ao persoal do servizo «Tenda da USC», que ten asignadas dúas (2) persoas a xornada completa. O artigo 4 do convenio prevé unha xornada de 1.790 horas anuais de traballo efectivo.
- c) *Convenio colectivo laboral de ámbito estatal de axencias de viaxes* (BOE núm. 12, de 14/01/2022, código 99000155011981), aplicable ao persoal do servizo «Visitas guiadas», que ten asignada unha (1) persoa a xornada completa. O artigo 23.1 do convenio prevé unha xornada de 1.752 horas de traballo efectivo en cómputo anual.
- d) *Convenio colectivo de traballo do sector de oficinas e despachos da provincia da Coruña* (BOP núm. 30, de 13/02/2014, código 15001075011981), aplicable ao persoal do servizo «Servizos Informáticos (SIE)», que ten asignados un total de oito (8) traballadores/as a xornada completa. O convenio colectivo non establece un número de horas de traballo efectivo en cómputo anual, diferenciando no seu artigo 8 unha xornada de 39 horas efectivas semanais para a que denomina xornada de inverno (do 1 de outubro ao 31 de maio) e 35 horas efectivas semanais para a xornada de verán (do 1 de xuño ao 30 de setembro). Tendo en conta o anterior, a razón de 35 e 39 horas semanais aplicables, respectivamente, sobre o 33,33 e o 66,66 por cento de 46 semanas anuais (minoradas as 52 semanas anuais polas correspondentes ás vacacións e ao impacto dos festivos), resulta unha xornada de 1.732 horas de traballo efectivo, en cómputo anual.

De conformidade co exposto:

SERVIZO	CONVENIO COLECTIVO	XORNADA HORAS/ANO	NÚM. TRAB.	TOTAL HORAS/ANO
Xestión da Casa de Europa	Hostalería (A CORUÑA)	1.792	3	5.376
Oficina de Congresos	Hostalería (A CORUÑA)	1.792	2	3.136 ¹
Tenda da USC	Comercio Vario (A CORUÑA)	1.790	2	3.580
Visitas guiadas	Axencias de Viaxes (ESTATAL)	1.752	1	1.752
Servizos Informáticos Externos	Ofic. e Despachos (A CORUÑA)	1.732	8	13.856
TOTAL HORAS/ANO				27.700

¹ Aplica unha porcentaxe dun 25% de redución da xornada respecto dun/unha traballador/a.

3.5. Cálculo do custo final: TARIFA/S DO ENCARGO.

A custo final, TARIFA/S DO ENCARGO, vén determinado pola aplicación dos custos directos de explotación, os custos indirectos e o importe estimado en investimentos sobre as horas de traballo efectivo en cómputo anual. É dicir, o IMPORTE/HORA é o resultado da seguinte fórmula:

$$\frac{\text{CUSTOS DIRECTOS} + \text{CUSTOS INDIRECTOS} + \text{INVESTIMENTOS}}{\text{HORAS EFECTIVAS TRABAJO ANO}}$$

Aplicada dita fórmula a cada un dos grupos de actividade referidos no apartado 2 da presente proposta de tarifas, supón:

- ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE DA USC (Xestión da Casa de Europa, Oficina de Congresos, Tenda da USC e Visitas guiadas):

623.477,24 EUROS + 62.347,72 EUROS + 4.095,60 EUROS

13.844 HORAS

- ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DE SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS DA USC.

343.035,48 EUROS + 34.303,55 EUROS + 12.286,81 EUROS

13.856 HORAS

Do que resulta, polo tanto, un custo final, TARIFAS DO ENCARGO, de:

ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DE PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E IMAXE	49,83 EUROS/HORA
ACTIVIDADE INSTRUMENTAL DE SERVIZOS INFORMÁTICOS EXTERNOS	28,11 EUROS/HORA

4. APLICACIÓN, VIXENCIA E REVISIÓN DAS TARIFAS.

As tarifas aplicaranse aos servizos que sexan obxecto de encargo pola USC, entrando en vigor na data de efectos deste último nos termos que se estableza na resolución reitoral pola que se formalice dito encargo á Fundación USC.

As tarifas serán obxecto de revisión no prazo previsto na devandita resolución, ou de maneira extraordinaria cando concorran circunstancias de variabilidade dos prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da Fundación USC que así o aconsellen.

5. PREZOS DA CARTA E CATÁLOGO DE SERVIZOS.

A explotación dos servizos obxecto de encargo inclúe un catálogo (Anexo I) de servizos de venda directa ao público nas unidades de servizos ou actividades relacionadas no apartado 2 da presente proposta de tarifas. O prezo individualizado de cada servizo, artigo ou produto de venda, fixase conforme ao valor actual de mercado e tendo en conta as circunstancias excepcionais de variabilidade nos prezos que a actualidade económica marca nos últimos meses.

Os prezos fixados no Anexo I á presente proposta son prezos finais de venda ao público, incluídos os impostos vixentes sen prexuízo da súa revisión anual ou de forma extraordinaria nun período menor se concorren circunstancias extraordinarias.

En Santiago de Compostela, a 16 de febreiro de 2023

O Xerente da Fundación USC, M.P.
Óscar Hermida Otero



Firmado digitalmente por
HERMIDA OTERO
OSCAR -
76578430E
Fecha: 2023.02.16
11:32:10 +01'00'

Edificio Emprendia, Planta Primeira S1
Campus VIDA 15782 Santiago de
Compostela

8

Anexo I

CARTA E CATÁLOGO DE SERVIZOS – PREZOS E TARIFAS

SERVIZO: XESTIÓN DA CASA DE EUROPA¹

	Cuarto noite Uso individual Temporada baixa (OUTUBRO - ABRIL)	Cuarto noite Uso individual Temporada alta (MAIO - SETEMBRO)	Suplemento Dobre (TODO O ANO)	Suplemento Tripla (TODO O ANO)
Usuario USC	65,97 euros ²		17,00 euros	34,00 euros
Usuario Externo	78,00 euros	86,00 euros		

¹ Tarifas co IVE (10%) incluído.

² Tarifa equivalente ao importe previsto para axudas de custo para o Grupo 2 no Anexo II do Regulamento de indemnizacións por razón de servizo da USC (aprobado polo Consello de Goberno de 29/12/2020).

SERVIZO: OFICINA DE CONGRESOS¹

	Prezo/hora
Secretaría técnica	27,00 euros

¹ Tarifa co IVE (21%) incluído.

SERVIZO: VISITAS GUIADAS¹

	Individual USUARIO EXTERNO	Individual USUARIO ESPECIAL ²	Individual USUARIO USC ³	Grupos Ensin ATA 22 PERSOAS
A un só edificio (Fonseca ou San Xerome)	3,00 euros	2,00 euros	2,00 euros	75,00 euros
Fonseca e San Xerome	5,00 euros	4,00 euros	3,00 euros	
Fonseca e F. Xeografía e Historia	6,00 euros	5,00 euros	4,00 euros	
Fonseca e F. Xeografía e Historia (con terrazas)	7,00 euros	6,00 euros	5,00 euros	

¹ Tarifas co IVE (21%) incluído.

² Grupos externos á USC, pensionistas, estudantes doutras institucións acreditados, camé xove.

³ Unha visita gratuíta por curso académico, previa reserva.

Outras excepcións: menores de 12 anos de idade, entrada gratuíta.

SERVIZO: SERVIZOS INFORMÁTIVOS EXTERNOS DA USC¹

	PREZO HORA ²
Mantemento de aplicacións e ferramentas informáticas	38,00 euros
Desenvolvemento de aplicacións informáticas	40,00 euros

¹ Inclúense as tarifas dos servizos prestados a terceiros non membros da comunidade universitaria, nin ás súas entidades dependentes.

² Tarifa sen IVE, debendo aplicarlle o que corresponda, en tanto que prestados á terceiros.

SERVIZO: TENDA DA USC Páx 1

Código	Descrición Larga	Descrición Color	Prezo Venda
000017	ANILLO MADERA	UNICO / SIN COLOR	28,00 €
000028	MILOS AGENDA SEVILLA	UNICO / SIN COLOR	21,00 €
000029	AGENDA PEQ CALABAZA	UNICO / SIN COLOR	23,00 €
000042	ALFOMBRILLA RATON COLORES	ROJO	8,00 €
000042	ALFOMBRILLA RATON COLORES	VERDE BOTELLA	8,00 €
000042	ALFOMBRILLA RATON COLORES	NARANJA	8,00 €
000058	SARGADELOS MEDALLA CON CORD.	UNICO / SIN COLOR	35,00 €
000065	PORTALAPICES METAL	UNICO / SIN COLOR	33,00 €
000068	PIN PLATA ESCUDO	UNICO / SIN COLOR	20,35 €
000069	PASADORES CORBATA	UNICO / SIN COLOR	3,51 €
000070	IMPERDIBLE ESCUDO	UNICO / SIN COLOR	2,95 €
000072	PASADOR CORBATA GRANDE	UNICO / SIN COLOR	5,00 €
000073	BILLETERO CREMALLERA	UNICO / SIN COLOR	3,35 €
000077	FUNDA BOLIGRAFO	UNICO / SIN COLOR	2,00 €
000079	MOCHILA ESTUCHE NIÑO ROJO	UNICO / SIN COLOR	11,90 €
000079	MOCHILA ESTUCHE NIÑO ROJO	ROJO	11,90 €
000079	MOCHILA ESTUCHE NIÑO ROJO	AZUL	11,90 €
000086	TRES EN RAYA MADERA	UNICO / SIN COLOR	2,00 €
000092	AFILALAPICES MADERA	UNICO / SIN COLOR	0,75 €
000093	GOMA ESCUDO	UNICO / SIN COLOR	1,00 €
000109	ALFILER ZAMAK PLATEADO	UNICO / SIN COLOR	0,50 €
000110	GEMELOS ZAMAK PLATEADOS	UNICO / SIN COLOR	3,00 €
000114	PEGATINA UNIVERSIDAD	UNICO / SIN COLOR	0,45 €
000118	MALETIN ASA ALUMINIO	UNICO / SIN COLOR	36,60 €
000132	JUEGO DAMAS	UNICO / SIN COLOR	35,60 €
000134	MACUTO PLASTICO	UNICO / SIN COLOR	7,00 €
000141	BOLSA MULTIBOLSILLOS	MARRON	15,25 €
000141	BOLSA MULTIBOLSILLOS	AZUL	15,25 €
000141	BOLSA MULTIBOLSILLOS	MARINO	15,25 €
000141	BOLSA MULTIBOLSILLOS	UNICO / SIN COLOR	15,25 €
000142	PRISMA CRISTAL	UNICO / SIN COLOR	15,00 €
000143	MALETIN PLANO	UNICO / SIN COLOR	6,10 €
000147	BLOC FUNDA PIEL Y BOLIGRAFO	UNICO / SIN COLOR	12,20 €
000155	PORTALAPICES ANIMALES	UNICO / SIN COLOR	4,00 €
000165	CINTA IDENTIFICATIVA 544.972	UNICO / SIN COLOR	2,10 €
000170	MALETIN VERSE	UNICO / SIN COLOR	13,00 €
000172	PORTAFOLIOS MINI NYLON 26556	UNICO / SIN COLOR	2,45 €
000178	PORTALAPICES METALICO NEGRO	UNICO / SIN COLOR	22,40 €
000179	TARJETERO METALICO NEGRO 13177	UNICO / SIN COLOR	14,25 €
000185	FUNDA ORDENADOR	AZUL	15,25 €
000198	MALETIN SINGLE NEGRO 9752	NEGRO	6,05 €

SERVIZO: TENDA DA USC

Pax 2

Código	Descrición Larga	Descrición Color	Prezo Venda
000206	LUPA SOBREMESA REDONDA	UNICO / SIN COLOR	14,00 €
000219	TAZA ESCUDO	UNICO / SIN COLOR	8,00 €
000219	TAZA ESCUDO	BLANCO	8,00 €
000220	CENICERO GRANDE ESCUDO	UNICO / SIN COLOR	8,00 €
000221	CENICERO PEQUEÑO ESCUDO	UNICO / SIN COLOR	5,00 €
000222	JUEGO CAFE 6 PIEZAS	UNICO / SIN COLOR	10,00 €
000227	RELOJ WATCHELONA	UNICO / SIN COLOR	59,00 €
000229	RELOJ WATCHELONA CAPRICE	BEIG	114,95 €
000231	TRUJILLO PINZA	ROJO	35,60 €
000231	TRUJILLO PINZA	NEGRO	35,60 €
000231	TRUJILLO PINZA	CHOCOLATE	35,60 €
000231	TRUJILLO PINZA	CUERO	35,60 €
000232	RELOJ WATCHELONA	UNICO / SIN COLOR	122,05 €
000233	RELOJ WATCHELONA 10WA260M	UNICO / SIN COLOR	122,05 €
000235	RELOJ WATCHELONA 10WA222M	UNICO / SIN COLOR	114,95 €
000238	TRUJILLO MALETIN MEDICO	UNICO / SIN COLOR	233,95 €
000243	TRUJILLO VACIABOLSILLOS PEQUEÑO	UNICO / SIN COLOR	26,00 €
000243	TRUJILLO VACIABOLSILLOS PEQUEÑO	BLANCO	26,00 €
000247	TRUJILLO LAPICERO PIEL M8774	NEGRO	21,40 €
000249	TRUJILLO AGENDA	UNICO / SIN COLOR	104,80 €
000270	TRUJILLO MALETIN ASA MANO	UNICO / SIN COLOR	239,05 €
000271	TRUJILLO CARTERA EJECUTIVO	CHOCOLATE	253,30 €
000273	TRUJILLO VADE MESA 8773	UNICO / SIN COLOR	124,10 €
000274	TRUJILLO VACIABOLSILLOS GRANDE 8385 NE	UNICO / SIN COLOR	32,55 €
000276	RELOJ WATCHELONA	UNICO / SIN COLOR	122,05 €
000277	RELOJ WATCHELONA 10WA251M	NEGRO	122,05 €
000278	RELOJ WATCHELONA 09WA301M	UNICO / SIN COLOR	114,95 €
000279	RELOJ WATCHELONA	UNICO / SIN COLOR	114,95 €
000282	RELOJ WATCHELONA	UNICO / SIN COLOR	114,95 €
000291	BOLSAS PAPEL GRANDES	UNICO / SIN COLOR	3,00 €
000301	LIBRETA MOLESQUIENE COLORES	UNICO / SIN COLOR	3,50 €
000305	BOLSA VIAJE CO-	UNICO / SIN COLOR	259,40 €
000307	MALETIN	UNICO / SIN COLOR	147,50 €
000314	DEUSTO MALETIN GESTION	UNICO / SIN COLOR	100,00 €
000323	DEUSTO BILLETERO LADY RED	UNICO / SIN COLOR	35,60 €
000324	DEUSTO BANDA MULTIUSOS	UNICO / SIN COLOR	6,00 €
000331	LUPA PLANA CON FUNDA	UNICO / SIN COLOR	2,50 €
000343	MILOS AGENDA PIEL COLORES 93G-SL	UNICO / SIN COLOR	38,65 €
000344	MILOS AGENDA PEQUEÑA ART 93P-ART	UNICO / SIN COLOR	12,20 €
000346	MILOS AGENDA MARGARITA 96G-MR	UNICO / SIN COLOR	20,95 €
000347	MILOS POSTALES	UNICO / SIN COLOR	2,45 €

SERVIZO: TENDA DA USC

Páx. 3

Código	Descrición Larga	Descrición Color	Prezo Venda
000348	MILOS AGENDA MARBELLA	UNICO / SIN COLOR	33,55 €
000369	BANDEJA DE CRISTAL	UNICO / SIN COLOR	6,00 €
000404	PULSERA FLOR GA-IN03	UNICO / SIN COLOR	33,00 €
000406	POSTALES PATRIMONIO	UNICO / SIN COLOR	0,90 €
000418	RELOJ SERPIL WATCHCELONA	UNICO / SIN COLOR	94,60 €
000427	ANILLO PLATA AO 00021	UNICO / SIN COLOR	69,00 €
000435	PORTALAPIZ CUERO SANTIN	UNICO / SIN COLOR	35,00 €
000444	BOLSA TELA COLORES	UNICO / SIN COLOR	3,50 €
000444	BOLSA TELA COLORES	ROJO	3,50 €
000444	BOLSA TELA COLORES	AZUL	3,50 €
000456	TRUJILLO FUNDA BLACKBERRY 3031	BLANCO	17,00 €
000467	CARPETA ANILLAS	UNICO / SIN COLOR	9,50 €
000471	PEGATINA TELA ESCUDO	UNICO / SIN COLOR	3,00 €
000473	SARGADELOS MEDALLA NOVA	UNICO / SIN COLOR	33,00 €
000474	SARGADELOS PRATO CUNCO	UNICO / SIN COLOR	30,00 €
000475	SARGADELOS VASO SEN	UNICO / SIN COLOR	42,00 €
000476	SARGADELOS BANDEJA 17/8	UNICO / SIN COLOR	30,00 €
000477	SARGADELOS FUNDADORES INDIV.	UNICO / SIN COLOR	76,30 €
000478	ENMARCADO MEDALLA MADERA	BLANCO	25,45 €
000478	ENMARCADO MEDALLA MADERA	AZUL	25,45 €
000479	ESTUCHE MEDALLAS SARGADELOS	UNICO / SIN COLOR	15,00 €
000496	LAPIZ USC	UNICO / SIN COLOR	0,50 €
000499	BLOC UNITENDA	UNICO / SIN COLOR	3,00 €
000505	RELOJ WATCHELONA 08WA716W	UNICO / SIN COLOR	122,05 €
000506	RELOJ SINTESIS	UNICO / SIN COLOR	70,00 €
000511	MARCAPAGINAS METAL FONSECA	UNICO / SIN COLOR	6,50 €
000520	TRUJILLO FUNDA IPAD 3033 NEGRO	UNICO / SIN COLOR	40,00 €
000523	PENDIENTE 3PE110	UNICO / SIN COLOR	23,00 €
000546	PIN PLATA FONSECA	UNICO / SIN COLOR	8,55 €
000558	IMÁN TELA FONSECA BRAN	UNICO / SIN COLOR	1,50 €
000561	ALBUM DE FOTOS DIBUJOS GRANDE	UNICO / SIN COLOR	48,85 €
000563	ALBUM FOTOS TERCIOPELO	UNICO / SIN COLOR	28,50 €
000565	MARCAPÁGINAS BRAN	UNICO / SIN COLOR	2,50 €
000574	TAZA COLORES	LILA	8,00 €
000574	TAZA COLORES	ROJO	8,00 €
000574	TAZA COLORES	MARINO	8,00 €
000574	TAZA COLORES	UNICO / SIN COLOR	8,00 €
000599	BOLIGRAFO CON SOPORTE PLATEADO	UNICO / SIN COLOR	16,80 €
000603	MILOS ABRECARTAS METALICO TIJERAS	UNICO / SIN COLOR	16,30 €
000604	MILOS ABRECARTAS METALICO PLUMA	UNICO / SIN COLOR	16,30 €
000610	GEMELOS DIABOLO SAC 062	UNICO / SIN COLOR	30,00 €

SERVIZO: TENDA DA USC

Páx. 4

Código	Descrición Larga	Descrición Color	Prezo Venda
000666	LIBRETAS BLOC MEMOLINO	UNICO / SIN COLOR	6,90 €
000668	PORTAFOLIOS MICROFRIBRA ZIPPER	UNICO / SIN COLOR	12,00 €
000670	MOCHILA AVERIS	UNICO / SIN COLOR	12,00 €
000671	BOLSO COMPUTER RUBER	UNICO / SIN COLOR	14,00 €
000673	BOLSO CONGRESO TIRAS	VERDE BOTELLA	7,00 €
000685	BOLÍGRAFO N. RICCI NUDE MAILLON	UNICO / SIN COLOR	59,00 €
000709	PAÑUELO SEDA	UNICO / SIN COLOR	65,00 €
000723	DOCUMENTOS VIAJE	UNICO / SIN COLOR	6,00 €
000724	PORTAFOLIOS A4 ANILLAS PIEL BM	UNICO / SIN COLOR	75,00 €
000736	SARGADELOS FIGURA ALBA DE GLORIA FONSEC	UNICO / SIN COLOR	60,00 €
000740	TAZA ESCUDO	AZUL	8,00 €
000756	MALETIN CONGRESO AMAZON	ROJO	10,00 €
000760	PAÑUELOS PEQUEÑO POZO	UNICO / SIN COLOR	33,90 €
000761	PAÑUELO FOULARD POZO 180 X 45	UNICO / SIN COLOR	65,00 €
000781	CORBATA POZO SEDA	UNICO / SIN COLOR	47,80 €
000793	GORRO PLEGABLE TELA	UNICO / SIN COLOR	5,10 €
000831	BOLÍGRAFO CACHAREL AQUARELE	UNICO / SIN COLOR	51,00 €
000844	CORBATA LOGO USC	GRIS	39,95 €
000844	CORBATA LOGO USC	AZUL	39,95 €
000844	CORBATA LOGO USC	FUCSIA	39,95 €
000848	BOLIGRAFO RIO KC3314	UNICO / SIN COLOR	1,00 €
000851	BOLIGRAFO CACHAREL MAGNOLIA	AZUL	47,00 €
001099	CORBATA FOSECA	NARANJA	39,95 €
001217	INOXCROM BOLIGRAFO SAGA	ROJO	36,00 €
001217	INOXCROM BOLIGRAFO SAGA	UNICO / SIN COLOR	36,00 €
001295	PAÑUELO SEDA "CADRO MULLER"	UNICO / SIN COLOR	50,85 €
001296	PAÑUELO SEDA "FONTE"	UNICO / SIN COLOR	50,85 €
001297	POZO AMARILLO FOULARD 180 X45	UNICO / SIN COLOR	65,00 €
001360	USB MINICARD FILM	UNICO / SIN COLOR	25,00 €
001374	LIBRETA A4 FLORES VENECIA	UNICO / SIN COLOR	9,00 €
001378	LIBRETA ES. A6 BELLE ARTE	UNICO / SIN COLOR	6,50 €
001386	ALBUM FOTO LEAVES	UNICO / SIN COLOR	41,00 €
001387	PORTALÁPICES LEAVES	UNICO / SIN COLOR	14,00 €
001388	VACIA BOLSILLO LEAVES	UNICO / SIN COLOR	21,00 €
001400	FUNDA ORDENADOR NEGRA IT3561	NEGRO	15,25 €
001431	BOLÍGRAFO ZOOM ROLLER	UNICO / SIN COLOR	55,00 €
001434	USB MINICARD MARYLIN 8 GB	UNICO / SIN COLOR	25,00 €
001535	PENDIENTE SILVEREIRA MOÑOS	UNICO / SIN COLOR	17,70 €
001547	PENDIENTE SILVEREIRA MOÑOS	UNICO / SIN COLOR	10,60 €
001642	USB SENCILLO 32 G	UNICO / SIN COLOR	7,50 €
001643	ATRIL PLEGABLE STANDOL	UNICO / SIN COLOR	4,50 €

SERVIZO: TENDA DA USC

Páx. 5

Código	Descrición Larga	Descrición Color	Prezo Venda
001647	POSTALES CAFE CON GOTAS	UNICO / SIN COLOR	0,50 €
001664	BILLETERO HOMBRE	UNICO / SIN COLOR	57,00 €
001665	BILLETERO HOMBRE	UNICO / SIN COLOR	60,00 €
001666	MONEDERO BOQUILLA	UNICO / SIN COLOR	34,00 €
001667	MONEDERO BOQUILLA	UNICO / SIN COLOR	40,00 €
001668	FUNDA IPAD POLIPIEL	UNICO / SIN COLOR	46,00 €
001676	PIN PLATEADO NUEVO	UNICO / SIN COLOR	1,55 €
001679	PLUMA VOYAGER MOCHA COLORES	UNICO / SIN COLOR	34,00 €
001682	SIGILLUM ENMARCADO	UNICO / SIN COLOR	8,50 €
001684	BOLSAS TELA DESTINO	UNICO / SIN COLOR	6,00 €
001685	BOLSAS I LOVE USC	UNICO / SIN COLOR	6,00 €
001688	ESPEJOS ESCUDO AZUL	UNICO / SIN COLOR	9,50 €
001754	GOMA ANILLO COLORES	UNICO / SIN COLOR	1,00 €
001756	MALETIN ORDENADOR POLIPIEL	UNICO / SIN COLOR	58,00 €
001757	MALETIN BANDOLERA POLIPIEL	UNICO / SIN COLOR	58,00 €
001758	FUNDA IPAD POLIPIEL	UNICO / SIN COLOR	24,00 €
001764	LIBRETA NINA RICCI FLORES	UNICO / SIN COLOR	15,00 €
001772	BOLÍGRAFO OPUS	UNICO / SIN COLOR	45,00 €
001783	BLOC NOTAS A6 TAR PAPER	UNICO / SIN COLOR	15,20 €
001787	NOTEBOOK +LÁPIZ BUTTERFLY	UNICO / SIN COLOR	19,60 €
001789	BLOC DE DIBUJO BOTÁNICO	UNICO / SIN COLOR	15,00 €
001793	BLOC NOTAS A4 PALLADIO	UNICO / SIN COLOR	24,00 €
001795	CUADERNILLO MINI ANTONIO CANOVA	UNICO / SIN COLOR	4,30 €
001801	POSTALES PEQUEÑAS MILOS	UNICO / SIN COLOR	1,30 €
001804	MILOS NEVERA TEA	UNICO / SIN COLOR	5,30 €
001806	MILOS NEVERA PIZZA	UNICO / SIN COLOR	6,00 €
001807	MILOS BLOC SADWICH	UNICO / SIN COLOR	6,60 €
001814	MILOS LIBRETA LENTICULAR	UNICO / SIN COLOR	8,50 €
001838	THE HOUSE OF TROYA	UNICO / SIN COLOR	22,00 €
001840	ROTULADORES FLUORESCESTE	UNICO / SIN COLOR	5,00 €
001844	ABIERTO TODO EL DÍA	UNICO / SIN COLOR	35,00 €
001846	DECLINACIÓN	UNICO / SIN COLOR	18,00 €
001893	FUNDA PARA MÓVIL	UNICO / SIN COLOR	3,50 €
001910	VACIA BOLSILLOS SANTIN POP CUADRADO	UNICO / SIN COLOR	43,00 €
001917	MONEDEROS HERMES SANTIN CUERO	UNICO / SIN COLOR	36,00 €
001942	LIBRETAS DIBUJOS	UNICO / SIN COLOR	1,75 €
001953	BOLSAS BALÓN	UNICO / SIN COLOR	4,70 €
001954	TANGRAM MADERA	UNICO / SIN COLOR	3,50 €
001956	PIN ESCUDO PLATA NUEVO	UNICO / SIN COLOR	31,00 €
